

Tema 2

2

A sociedade feudal. Dereitos e desigualdades



▲ Carlos IV de Francia recibindo a súa irmá, a princesa Isabel.

SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

Durante a Idade Media estableceuse en Europa unha complexa organización social, económica e política, o feudalismo, que creou obrigas de obediencia e servizo nun sentido, e obrigas de protección no outro.

Este sistema dividiu a poboación en estamentos privilexiados e non privilexiados. A pertenza a un ou outro grupo viña marcada polo nacemento, que determinaba todos os aspectos da vida das persoas. A sociedade quedou así conformada a través dunha rede de lazos de dependencia que trouxo consigo moitas desigualdades. O campesinado, por exemplo, aínda sendo o grupo maioritario, estivo privado de moitos dereitos.

CONCEPTOS CLAVE: desigualdade, fidelidade, privilexios.

PUNTO DE PARTIDA

- Que cres que significaba na Idade Media pertencer a un grupo privilexiado?
- Fíxate na imaxe. Paréceche que son grupos privilexiados ou non privilexiados? Por que o pensas?
- Observa o debuxo do feudo e enumera as obrigas, as prohibicións e os dereitos que tiñan os servos e as servas que vivían nel. Que opinión che merece?



LIMITACIÓNS, PROHIBICIÓNS E OBRIGAS DOS SERVOS

1. Non podían abandonar o feudo sen permiso.
- 2, 3 e 4. O señor regulaba cando podían cazar, cortar leña, apañar froitos...
5. Traballaban gratuitamente as terras da reserva do señor.
- 6 e 7. Pagaban polo uso do muiño, do forno...
8. Entregaban parte da colleita parcelas que lles deixaba o señor (mansos) ou pagaban polas terras.

QUE VOU APRENDER?

- Comprenderei como eran a sociedade feudal e os lazos de fidelidade que a configuraron.
- Analizarei que era a cristiandade e entenderei as raíces dalgúns aspectos do noso presente.
- Valorarei o desenvolvemento cultural e artístico desta etapa.
- Pasarei á acción creando un xogo de mesa que reproduza as desigualdades da sociedade feudal para comprendelas.

RETO



As grandes desigualdades limitan os dereitos humanos

As desigualdades sociais son unha traba para o desenvolvemento social e económico da poboación.

Poñerse no lugar dos grupos máis desfavorecidos a través dun **xogo de mesa** axuda a comprender a necesidade de reducir as desigualdades.

Viquingos, maxiases e sarracenos

Tras a fragmentación do Imperio carolinxo, durante a segunda metade do século IX e o século X, Europa dividiuse en numerosos Estados e reinos. As guerras entre eles reduciron a súa capacidade defensiva e facilitaron que novos pobos asolasen Europa. (2) En xeral, estes pobos realizaban rápidos e violentos saqueos nas cidades, o que estendeu por toda Europa un clima de terror. (1)

As persoas interpretaron estas calamidades como un castigo de Deus. Por iso, algunhas prognosticaron que estas rapinas eran un anuncio da fin do mundo, que chegaría no ano 1000.



1. Batalla entre maxiases e xermanos no ano 955.

Os viquingos ou normandos

- Procedían de Escandinavia.
- Realizaron expedicións de saqueo e, co tempo, asentáronse nos territorios atacados. Así conquistaron as illas británicas, o norte de Francia e o sur de Italia.

Os maxiases ou húngaros

- Procedían das estepas de Asia.
- Chegaron a Europa canda os pobos eslavos, que se estableceron en Europa oriental. Os maxiases fundaron o reino de Hungría.

Os sarracenos

- Eran musulmáns que procedían da zona do norte de África.
- Realizaban expedicións de rapina na procura de botíns. Atacaron e asolaron as costas do sur de Europa.

2. RUTAS DE INVASIÓN VIQUINGAS, MAXIASES E SARRACENAS



EXPLORA

Quen eran os viquingos?

Os viquingos procedían dos actuais territorios de Noruega, Suecia e Dinamarca. Eran expertos mariños e comerciantes. Navegaban na procura de riquezas que obtiñan moitas veces mediante incursións. Tamén eran coñecidos polos seus violentos ataques corpo a corpo. Morrer loitando era para a poboación viquinga unha honra, pois daba acceso ao Valhalla, o lugar onde, segundo a mitoloxía escandinava, se reunían os guerreiros mortos en combate.

Entre os viquingos, a aristocracia ocupaba a cúspide social. De entre os seus membros elixíase o xefe ou rei. Por debaixo situábase a maioría da poboación, que traballaba na agricultura, no coidado do gando, na artesanía e no comercio. O último chanzo social ocupábano as persoas escravas, moitas delas prisioneiras de guerra.

As mulleres viquingas gozaban de maior liberdade ca as doutros pobos da época. Ocupábanse da crianza dos fillos e das fillas, pero tamén podían, por exemplo, ter negocios ou herdar propiedades.



3. Barco viquingo no museo de Oslo (Noruega).

Os drakars e a expansión viquinga

O pobo viquingo estableceu rutas comerciais e emprendeu, desde finais do século VIII, expedicións a Inglaterra, Escocia, Irlanda, territorios do Imperio carolinxo, Islandia, Groenlandia... Navegou tamén polo mar Mediterráneo e chegou deica o Imperio bizantino. Para iso construíron drakars de madeira, que eran barcos longos, estreitos e lixeiros. (3) Contaban cunha única vela rectangular e utilizaban remos para avanzar cando non sopraba o vento e para manobrar con facilidade preto da costa ou a través dos ríos, o que lles permitía chegar a terra.

Na proa dalgúns barcos portaban a cabeza dun dragón que, segundo a tradición, atemorizaba os espíritos protectores das terras onde desembarcaban.

A túa investigación

- **Infórmate** sobre o sitio arqueolóxico de L'Anse aux Meadows. Onde se encontra? Por que foi declarado Patrimonio da Humanidade?
- **Busca** información sobre o asedio viquingo de París no ano 885. Que datos históricos hai sobre este? Lograron tomar a cidade?
- **Pescuda** quen eran Odín e Thor na mitoloxía escandinava.

IDEAS CLAVE

- **Enumera** os pobos que asolaron o territorio europeo na segunda vaga de invasións. De onde proviña cada un?
- **Explica** por que a sociedade medieval temía a chegada da fin do mundo no ano 1000.



4. Pedra de Tjängvide, estela viquinga de pedra calcaria do século VIII.

2. RUTAS DE INVASIÓN VIQUINGAS, MAXIARES E SARRACENAS



APRENDO A MIRAR

- Interpreta a lenda. Que significan as frechas?
- Indica a que rexións chegaron os viquingos e os sarracenos.
- Localiza o reino de Hungría. Cara a onde se dirixiron as invasións maxiares?
- Sinala que rexións sufriron menos invasións.

FONTE: Los Reyes Católicos. Atlas de Historia Universal